

- h) Eliminación de sucidade da reixa ou admisión da auga.
- i) Comprobacións antes de arrincar.
- j) Manexo de cambio.
- k) Riscos se se activa a marcha atrás cando se avanza cara a diante (Motos con marcha atrás).

- l) Abastecemento de combustible.
- m) Pasaxeiros.
- n) Sobrecargas.
- ñ) Accesorios e estabilidade da moto náutica.

7. Equipo de emerxencia susceptible de levar na moto náutica.

- a) Equipo de comunicacións de emerxencia.
- b) Aceite.
- c) Ferramentas.

8. Precaucións de seguridade durante a navegación.

- a) Bañistas.
- b) Submarinistas.
- c) Praias.
- d) Canais de balizamento.
- e) Circuitos de alugamento e prácticas.
- f) Costas.
- g) Portos.

Terceira parte. Seguridade na navegación.

9. Normativa.

- a) Xeral.
- b) A Administración marítima no litoral. As Capitánías Marítimas.
- c) Zonas permitidas de navegación.
- d) Zonas prohibidas de navegación.
- e) Períodos de navegación, potencias e velocidades máximas.

10. Precaucións antes de saír a navegar.

- a) Información meteorolóxica e modos de obtela.
- b) Información a amigos, etc. Lugar de destino.
- c) Autonomía da moto náutica.
- d) Comprobacións mecánicas antes de iniciar a navegación.

11. Balizamento.

- a) Marcas laterais de día, rexión «A»: significado e identificación.
- b) Marca de perigo illado: significado, forma, tope e cor.
- c) Balizamento de praias. Zonas de baño balizadas e sen balizar.

12. O Convenio internacional para previlas abor-daxes no mar.

- a) Regra 3: definicións.
- b) Regra 5: vixilancia.
- c) Regra 6: velocidade de seguridade.
- d) Regra 7: risco de abor-daxes.
- e) Regra 8: manobra para evita-las abor-daxes.
- f) Regra 9: canais angostos.
- g) Regra 12: dereito de paso entre embarcacións de vela.
- h) Regra 13: situación de alcance.
- i) Regra 14: situación de volta encontrada.
- j) Regra 15: situación de cruzamento.
- k) Regra 16: manobra de quen cede o paso.
- l) Regra 17: manobra de quen segue a rumbo.
- m) Regra 18: obrigas entre categorías de embarcacións.
- n) Regra 19: conducta das embarcacións con visibilidade reducida.

ANEXO III

Probas prácticas

As probas prácticas que deben realiza-los aspirantes ós títulos de patrón de moto náutica «A» e patrón de moto náutica «B», tratarán os seguintes puntos:

- a) Izado e botadura da moto desde o remolque.
- b) Comprobacións antes de arrinca-la moto.
- c) Arrinque do motor (Empuxe adiante inmediato).
- d) Parada e/ou atracada.
- e) Xiros.
- f) Navegación en augas pouco profundas e profundas.
- g) Moto náutica envorcada: o seu endereitamento. Moto náutica somerxida.
- h) Remolque da moto no mar.
- i) Esquí náutico. Precaucións (acompañante, etc.).
- j) Navegación con mal tempo.
- k) Navegación con pasaxeiros.
- l) Actuacións en caso de accidente ou de emerxencia.
- m) Rescate de home á auga.

XEFATURA DO ESTADO

5012 *LEI 3/2002, do 12 de marzo, de modificación da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais. («BOE» 62, do 13-3-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con posterioridade á publicación da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, o Goberno das Canarias solicitou a convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma das Canarias, para os efectos previstos do artigo 33.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, na redacción dada a este pola Lei orgánica 1/2000, do 7 de xaneiro, por entender vulneradas determinadas competencias atribuídas ás comunidades autónomas.

As obtencións vexetais constitúen variedades comerciais amparadas por un réxime xurídico semellante ó da propiedade industrial polo que a distribución de competencias nesta materia vén determinada polo artigo 149.1.9.^a da Constitución, que lle reserva ó Estado en exclusiva a lexislación, deixando para as comunidades autónomas a execución.

Fronte a esta delimitación competencial, o título IV da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, regula o procedemento de concesión dos títulos de obtención vexetal, centralizando no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación tódalas actividades de xestión e tramitación propias deste procedemento.

En materia de propiedade industrial, a protección do dereito dos titulares obtense fundamentalmente a través da súa inscrición no correspondente rexistro administrativo. No caso das obtencións vexetais, a protección

lógrese mediante a súa inscrición no Rexistro de Variedades Vexetais Protexidas.

En relación con este tipo de rexistros, a sentenza 103/1999, do 3 de xuño, do Tribunal Constitucional, dictada nos recursos de inconstitucionalidade promovidos polo Goberno Vasco e o Parlamento de Cataluña contra varios artigos da Lei 32/1988, do 10 de novembro, de marcas, recoñece que a competencia de lexislación habilita o Estado para establecer un réxime xurídico unitario e un rexistro de ámbito nacional, proxectándose as competencias de execución das comunidades autónomas soamente sobre aqueles momentos que resulten separables da resolución e da inscrición no rexistro, como son a recepción das solicitudes e a apreciación do cumprimento ou falta de cumprimento dos requisitos formais da solicitude.

Os postulados desta sentenza resultan de directa aplicación en materia de obtencións vexetais, polo que a Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma das Canarias acordou modificar diversos artigos da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, co fin de lles recoñecer ás comunidades autónomas a competencia para o exercicio das actividades de tramitación dos procedementos para a concesión dos títulos de obtención vexetal.

Artigo único. *Modificación da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.*

Modifícase a Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais, nos termos que se indican a continuación:

1. O artigo 32 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 32. *Competencia administrativa.*

1. Correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou ó organismo público da Administración Xeral do Estado que se determine a tramitación dos procedementos de concesión dos títulos de obtención vexetal, nos termos desta lei.

2. As comunidades autónomas exercerán as facultades relativas á recepción das solicitudes e á apreciación do cumprimento ou falta de cumprimento dos requisitos formais destas.

3. Correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a resolución dos procedementos de concesión dos títulos de obtención vexetal e as relacións nesta materia, a través da canle correspondente, con outros estados e organismos internacionais.

4. A potestade sancionadora exercerana as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado, de acordo coas súas respectivas competencias.»

2. Engádeselle ó artigo 33 un novo número 3 coa seguinte redacción:

«3. Regulamentariamente estableceranse os mecanismos de coordinación entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas competentes, para posibilita-lo acceso destas á información que precisen do Rexistro Oficial, para o adecuado exercicio das competencias que teñen atribuídas.»

3. O número 4 do artigo 38 queda redactado como segue:

«4. O solicitante que reivindique a prioridade deberá proporcionar unha copia dos documentos

que constitúan a primeira solicitude, certificado pola autoridade ante a cal fose presentada, así como calquera outra proba de que a variedade obxecto das dúas solicitudes é a mesma. O solicitante gozará para isto dun prazo mínimo de tres meses contados a partir da data de reivindicación da prioridade.»

4. O número 1 do artigo 39 queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou as comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias comprobarán que a solicitude presentada cumpre cos requisitos esixidos e, en particular, que:

a) Foi presentada de acordo co disposto no artigo 10.

b) Cumpre coas condicións establecidas no número 1 do artigo 35.

c) Se xuntan os documentos que regulamentariamente se establezan de acordo co previsto no número 1 do artigo 35.

d) Se axusta ó disposto no artigo 38, no caso de que se reivindique a prioridade dunha solicitude anterior.

e) Se presenta o xustificante de ter satisfeito as taxas correspondentes pola tramitación do artigo 53.»

5. O número 2 do artigo 46 queda redactado como segue:

«2. Non obstante o disposto no número anterior, non se declarará a caducidade do procedemento cando o solicitante xustifique debidamente que a súa inactividade foi consecuencia dun caso fortuito ou da concorrencia de causas de forza maior ou outras circunstancias excepcionais.»

6. O número 1 do artigo 48 queda redactado como segue:

«1. A denominación da variedade será proposta polo solicitante, reservando para si, en todo caso, a Administración o dereito a lle engadir ó nome proposto aquelas especificacións que resulten oportunas, tanto desde o punto de vista da aplicabilidade como da seguridade.»

7. O número 2 do artigo 50 queda redactado como segue:

«2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou as comunidades autónomas competentes poderán requiri-lo titular dun título de obtención vexetal, para que lle presente a esta autoridade ou a calquera outra por ela designada, nos prazos que regulamentariamente se establezan a información, documentos ou material que consideren necesarios para o control do mantemento da variedade, así como para a renovación das mostras oficiais que compoñen a colección de referencia.»

8. O artigo 51 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 51. *Verificación da variedade.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, de se-lo caso, as comunidades autónomas competentes comprobarán se as variedades obxecto do título de obtención vexetal permanecen inalterables, o que se levará a cabo mediante as comprobacións técnicas correspondentes.

2. Cando existan indicios de que a variedade non está sendo mantida adecuadamente polo titular do título de obtención vexetal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por iniciativa propia ou, de se-lo caso, a comunidade autónoma competente, ordenará un control de mantemento da variedade establecendo as súas modalidades mediante ensaios de campo ou outros ensaios nos que o material subministrado polo titular será comparado coa descrición ou a mostra oficial da variedade.

Cando deste control se desprenda que o titular non mantivo as condicións da variedade, será advertido disto.

3. Naqueles casos en que se comprobe que a variedade non é homoxénea ou estable, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá decidi-la extinción do dereito, logo de audiencia do interesado e, se é o caso, tras informe das comunidades autónomas que efectuaron os controis pertinentes.»

9. O artigo 53 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 53. *Taxa pola tramitación e resolución.*

1. Constitúe o feito impositivo desta taxa a tramitación do procedemento nos aspectos que esta lei lle reserva ó Estado e a súa resolución.

2. O dereito de percepción da taxa producirase no momento en que inicie a tramitación a Administración xeral do Estado.

3. O importe da taxa derivada do feito impositivo previsto no número anterior é de 50.000 pesetas (300,506 euros).»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5016 *REAL DECRETO 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.* («BOE» 62, do 13-3-2002.)

A apicultura, como actividade pecuaria, acadou nos últimos anos unha considerable importancia e un crecente interese, que, alén da súa repercusión económica no sector da produción do mel e outros produtos da colmea, ten unha importancia fundamental para o desenvolvemento rural, o equilibrio ecolóxico e constitúe a base para a conservación e a diversidade das plantas que dependen da polinización, o que contribúe a elevar a produtividade de gran parte dos cultivos, aproveitando recursos non utilizados por ningunha outra actividade productiva.

Por outra parte, a apicultura profesional debe considerarse como unha actividade gandeira fundamentalmente ligada á transhumancia para o mellor aproveitamento das distintas floracións silvestres e cultivadas,

polo que é conveniente adoptar aquelas medidas que faciliten este movemento, con plenas garantías sanitarias, e de maneira harmónica en todo o territorio nacional.

Neste sentido, é fundamental un sistema uniforme para a identificación das colmeas que permita, dunha forma rápida, coñecer-la explotación á que pertencen.

Ademais, na actualidade, a situación epizootiolóxica das explotacións apícolas sufriu diversas transformacións desde a aparición da enfermidade da varroose a mediados dos anos oitenta, polo que é necesario implantar novas medidas acordes con esta realidade, así como elaborar un programa sanitario común que permita unha loita racional contra este parasito, garantindo con iso a supervivencia da especie «*Apis mellifera*».

Nesta orde de cousas, a nivel comunitario dictáronse diversas normas que regulan fundamentalmente aspectos moi concretos do sector da apicultura vinculados á produción e comercialización do mel e cuestións de policía sanitaria en relación con determinadas enfermidades das abellas. Así, o Regulamento (CE) 1221/1997, do Consello, do 25 de xuño, establece as normas xerais de aplicación das medidas destinadas a mellora-la produción e comercialización do mel, e o Regulamento (CE) 2300/1997, da Comisión, do 20 de novembro, establece as disposicións de aplicación do anterior regulamento. Por outra parte, a Directiva 92/65/CEE, do Consello, do 13 de xullo, establece as condicións de policía sanitaria aplicables ós intercambios e ás importacións na comunidade de abellas.

No ordenamento xurídico interno a materia regulouse, fundamentalmente, mediante a Orde do 16 de febreiro de 1988 pola que se establecen normas sanitarias da transhumancia das abellas. Ademais, en relación coa normativa comunitaria anteriormente mencionada, o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, establece un réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, e o Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, traspón á lexislación nacional a Directiva 92/65/CEE. Pola súa vez, as comunidades autónomas trataron profusamente o sector da apicultura mediante normas de diverso carácter e contido.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto dítase de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2002,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto establece as normas básicas polas que se regula a aplicación de medidas de ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas, así como as condicións de localización, asentamento e movemento de colmeas, infraestructura zootécnica, sanitaria e equipamentos, que permitan un eficaz e correcto desenvolvemento da actividade apícola en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto serán aplicables as seguintes definicións:

a) Enxame: é a colonia de abellas produtoras de mel («*Apis mellifera*»).